


# AGARIMOS

Versos da y-alma por  
Juan Jesús González



---

Santiago: La Comercial



# AGARIMOS

Versos da y-alma por  
Juan Jesús González

GABINO DIAZ DE HEREDIA  
PRÍNCIPE, 6  
A CORUÑA



REAL ACADEMIA  
GALEGA  
A CORUÑA

F-1299

Biblioteca

Santiago: La Comercial

Al querido y admi-  
lo amigo Gabino  
Giar de Herrera  
- Silueta gráfica  
de bohemio pro-  
ta - con toda la  
emoción de un  
camarada

Juan Pérez

compostela

21-4-1926




R 26251

Galicia Diáspora  
Lerma  
data 12/02/1993

Dedico este librito a a. meu querida  
amiga a renombrada literata José Pa-  
sada-Curra, en proba da moita cariña  
que lle profesa.

Ya mais parqu'él foy que me abreu  
camiña a o través dos eidos literarios, e  
me puxa na xeira das letras con moita  
agarima.

C. Pan C. Jesús



# XAN XESÚS

Pra ti leitor amado qu'en espeita de saber quen é, e como é, que di e como dí, vas a lér ao autor d'este LIBRÍÑO.

*Fai versos, porqu' esparx' a sua y-alma  
que ten chea de sofrir e de penar...*

*E da do que ten,  
que tamén  
a roseira da rosiñas,  
porque non ten mais de seu que dar...*


*E poeta, porqu' cdoura ó qu' e subrime,  
com' uns ollos meigos d' unha meiga muller...  
Y' así esquirbe namorado,  
pro seu amor darll' antender...*


*E trembrando, simeliño vai decindo  
o que no seu peit' enferm' aniña:  
o amor pol-as mulleres, o amor pol-a revolta,  
o amor pol-o seu lar y' o amor pol-a campiña...*

*E queixándose, teuro algunas veces,  
oubeand' outras com' un lobo adoecido,  
deixa sempr' un latex' onde se vé,  
como ten o seu probe peito ferido...  
Y' así, fai versos porqu' esparx' a sua y-alma,  
que ten chea de sofrir e de penar...*

*E da do que ten,  
que tamén  
a roseira da rosiñas,  
porque non ten mais de seu que dar...*

Manuel Mesejo Campos





## A MIÑA ALDEIA

---

Pra Tomás Pedret en proba  
d' amistad.

Aquí no verxel frolido  
d'a miñ'Aldea,  
entros arbres do eixido  
que o sol roxea,  
a y-alma s'espalloa  
com'unha volvoreta  
d'Outono, voadeira...


\* \* \*

Aquí ent'ros penedos  
acugulados;  
na pracidez dos días  
ansiados,  
a vida corre paseníamente  
e sosmente  
se conoce a ledicia  
d'un meigo principado,  
que de froles de toxo  
y-eras verdes  
est'adornado...

\* \* \*

¡Canta ventura  
e vivir  
n'esta leda fermosura,  
sin nunca  
ter que sofrir  
os doôres d'amargura...!

Non quero ser ambicioso,  
pois pecaría...  
Tópome orgulloso  
coa meiga  
regalia  
d'este chan primoroso...



## MADALENA



Xardín d'ensoñación,  
fulgor d'aurora;  
meiga luz d'esperanza  
arroubadoura...  
Rayola d'alborada,  
luceiro do amor:  
enxendro feiticeiro  
do doôr...

Non sabes quen te ama  
no silenco,

e te ve erguer augusta  
no lenzo  
dos soños feiticeiros...

Encanto da miña vida,  
alento d'inspiración,  
ladrona dos meus pesares  
ferichesm'o corazón

Xa que me levas á y-alma,  
lévam'o corpo tamen...

¿Non sabes qu'a vida e triste  
se non'a pon leda alguén?

## QUEIXAS DA Y-ALMA

Pra Xosé Posada-Curros que sa-  
be d o s feros apreixamentos da  
vida...

En proba d'amor.

Lóngas queixas...  
Fondos sofrimentos  
que tronzan as cordas  
do corazón;  
doôres sin termo,  
qu'entras vagullas  
dos ollos afogados,


fan xemer en saloucos  
 atafegantes a y-alma...  
 Entr'o rítmico cramooreo  
 da vida,  
 vay o meu espírito  
 entenebrecido,  
 caindo  
 nas fonduras d'un abismo,  
 de negruras cheio.....  
 ¡Quero erguerme;  
 pro a vida qu'a outros  
 acaricia risoña e feiticeira,  
 a min negam'as coxegas  
 meiguiceiras das suas ledicias...!  
 ¡Quero dar, fortemente,  
 nunh'outura,  
 o berro Céltico da Raza;  
 pro as ondas apreixadoras  
 do vento do destino,  
 túmbanme esmorescente,  
 no regazo devorador  
 da Terra.....!

### ¡Fatalidade!

Berran os Bardos,  
 altivos, nos curutos  
 mais outos do chan;  
 e nos vals lonzanos do Sentimento  
 fung'a musitación somnolenta,  
 das doces cadencias,  
 da froesta risoña

da meditación;  
pro a min,  
a fatalidade inexorable  
da vida, rastreame  
na tráxica imensidade  
d'unha negraxe  
de fondas pesadumes....  
Salouco e non me layo  
porque sei que un meu queixido  
chegaría pr'abafarme...  
¡Non...!  
Sintom' fachendoso...  
Eu soño coa diafana albura  
dos amañeceres ouríferos  
da poesía;  
e nos ceos azules e lonxanos  
da miña esperanza,  
son'a cadencia estrofal  
dun'armonia sinxela  
que roxe nos abres rumorosos  
da meditación...  
Nos fondos silenzios  
do meu corazón,  
paréceme que escoito  
as vastas sinfonías  
que en gorxeos vocalizados  
parecen escribir  
nas mouras ondas  
do vento renxedor,  
os doces versos

d'un canto dívinizado  
pol-o amor;  
por ese amor subrime  
cheiro d'ensoños  
y-espranzas  
...¡Ou que tristura...!  
O grande Ouceano da vida,  
rodeiame como unha cousa  
aprisionadora...  
Quero salir d'este val  
atafegante,  
pro o bamboleo  
das augas da intranquilidá  
ausorbenme nun bocado  
com' o dun famento e  
tráxico dragón...  
A melancónia avasallante  
acougame  
no seu regazo doôroso,  
y-aprisonándome  
cos seus brazos de ferro  
endurecido,  
non me deixa o espirto  
ceibo...



# ¡COMO TE LEMBRO!

Pra Teresiña Casal de Rey, garrida pontevedresa que ten ollos soñadores e picaronas risadas....

Entr'as bretemias espesas do recordo,  
moitas veces a tua imaxen feiticeira  
surxit vexo,  
envolveita nos meigos resprandores do ensoño,  
e bañada coas aureolas,  
dun máxico  
refrexo....

Nestas horas sempre meigas,  
regaladas coa dozura  
dunha visión feiticeira  
y-arrombamentos  
perguiceiros,  
a luz dos teus ollos charrusqueiros  
e garridos,  
alomea a escuridade do meu  
mouro pensamento,  
com'a luz  
de dous  
luzeiros...

Nestas horas, sempre pracidas e ledas,  
en que as visions me dan consolo  
y-esperanza,  
os pesares y-as congoxas que  
me firen,  
van morrendo pouco e pouco,  
entr'as luces  
y-o resprandor  
da lembranza.....

Non me fagas sofrir mais  
encantiño  
dos meus  
dias...

Non me deixes ir o alento  
en tristosas  
agonias...

Deixa no meu corazón  
o latexar  
fort'e  
ledo...

Non mo ateiques  
pol'a pena,  
que sin amor  
está  
quedo...

Dam'alento...; dame vida coa dozura  
dos teus beizos;  
dame vida coa quentura  
dos teus ollos... Yos teus peitos...

---

## ¡Sofrimento e doôr!

---

¡Que miserab'r e a vida!  
as horas pasan, pouco e pouco  
ou de prisa;  
según o doôr ou o ben estar;  
a melancónia,  
a peua ou o sufrimento;  
según as arelas de ledicia:  
os momentos feiticeiros  
ou os instantes de sôsego...

Cuase que nada hay certo;  
 todo e falsedad e ilusions  
 fementidas;  
 todo e sofrimentos  
 e tolas esperanzas...

¡Que ditosa debe sel-a  
 morte;  
 ese brinco aterrecedore  
 que en boa hora  
 nos quita de penar,  
 pra lovarnos  
 o parádiso soñado;  
 o descanso eterno;  
 o sosego manso e tranquilo  
 d'un mundo xusto,  
 que acolle no seu seo  
 os nosos corpos  
 molentes e sin forzas...

Ese mundo agochado  
 que sosmentes nol-o imaxinamos,  
 cando nos berr'a concencia  
 pedindo pros nosos feitos  
 a xusticia que pisamos  
 por encher o saco endexamais cheio  
 da nosa ambición  
 maldita.....

!Cantas pasions  
 e cantos vicios s'acugulan  
 en nos;  
 cantas maldades


e cantos noxentos  
antoxos nós firen  
a cotio...!

¡Cantas ilusions,  
nos rouban o prácido  
sosego,  
pra ceibarnos ô val  
atafegante  
da vida  
que nos ha de desnucar  
sin misericordia,  
e comernos  
comonh'a fera famenta  
sin entrañas...!

¡¡Que noxento desasosego  
pra vivir  
uns cantos dias  
rebuldando na miseria  
e nó trafego,  
coa noxenta cobiza  
d'acugular  
a nosa veira  
riquezas polvorentas  
y esfoupadas,  
que voan nos ventos  
fatales da vida,  
os campos tristeiros,  
pero ditosos, da morte:  
os vales da eternidá...!!

¡Ay! toleironas ansias

de grandesas pecadoras,  
 mal sabedes qu' hay un  
 fin donde todo esmorece:  
 xoyas, riquezas, orgulos,  
 fantasias, quimeras, entoxos,  
 maldades e tod'o que poida.  
 agachar no noso  
 ruín pensamento...!!



## ¡ADELIÑA!

Pra aquela nena risoña e feitiçeira, que me dou unha tarde un manosíño de froles...

Na tua ris'algareira  
 com'on ledo amañecer,  
 ves'o meigo escrarecer  
 dunha ilusión feiticeira...

Ves'a gracea rebuldeira  
 d'un despertar de ledicia,  
 envolto nunha caricia  
 mainamente charrusqueira...

Dos teus ollos brincadeiros  
 coma duas estreliñas  
 son douradas rayoliñas  
 y-encantos arroubadeiros...;  
 Lavaredas encendidas

de non sei que perguiceiros  
encantos, angaralleiros,  
nas miradas sorprendidas...

Nas miradas misteriosas  
que marmulan sin falar,  
y-o maino parpadexar  
din as cousas mais graceosas...

Din qu'hay amor e contento,  
ledicia dit' e placer;  
pro tamen queren decer...  
qu'hay doôr e sofrimento...

Din que hay moito que penar;  
din que hay moito que sofrir,  
pr' endexamais conquerir  
o que s'estuvo a pensar...

. . . . . ;E riste...!

Rite, que nesas risadas  
estralantes de tenrrura,  
brinc'a tua fermosura  
entre tolas carcaxadas...

Rite más, sin te cansar,  
que cando te vexo rir,  
tou contento de sofrir,  
tou contento de penar...

Rite, rite meiga nena,  
que a tua risa d'encanto,  
ou me lev'o camposanto  
ou ma de sanar a pena...

## NADAL

---

Arden os tizóns no lar,  
y-entre roibas lavaradas,  
ruben do fum'empuxadas  
as moxenas a beilar...

Y-entr'a roxes do braseiro,  
refervendo está pousado  
hestr'o cume cogulado  
de castañas, un pucheiro.

De carball'unha cañota,  
ardend' está na lareira,  
caroando a pateleira,  
e fai ferver unha pota.

Dentr'a craridá do lume  
en arcensión a voar;  
do medio e medio do lar  
saile retorcid'o fume...

Na casa todos estamos  
pol-a cociña sentados,  
pracidamente acouguados  
qu'embora así nos xuntamos.

Meus pais fartos de ledicia  
ollan con leda douzura  
a nosa xuventú dura,  
y-en ubérrima caricia,  
nos dan bicos e apertas,  
d'alegría reloucando,  
porque estaban esperando

por nos, coas portas abertas...

Miña nai cansada vai;  
xa ten a cara arrugada;  
e de color cambeada  
xa leva a barba meu pai.

¡Que gozo e vir da cibdá;  
topar meus hirmans, meus pais;  
nin un menos, nin un mais  
pra pasal'a Navidá...

Miña nai d'emoceón chora,  
meu pai canta d'alegría,  
e contento alabo dia  
qu'en paz nos xunta unha hora.

¡Canto venturoso e estar,  
por Noiteboa acougados,  
preto a nosos pais sentados;  
o calor morno do lar...!

¡Que sorte; que gran dozura  
e sentarnos no regazo  
de nosa nai; y-un abrazo  
darlle cheio de ternura!

¡Bendito Dios que nos tray,  
a nosa casa a abrazar  
o noso pai; y-a bicar  
nos beizos a nosa nay!

¡Que tristura debe ser,  
non ter un pay pro amar,  
unha nay prall'adorar  
y-uns hirmans pra lle querer...!

Eu a Dios non pagarey


a ventura que me dá:  
ver meus pays en Navidá  
que millor que ver un Rey...

!Que tristura debe ser  
toparse lonxe da terra,  
a loitar n'algunha guerra  
donde naid'o vaya ver..

Nais que por seus fillos choran  
lonxe d'eles a sofrir,  
sin lle poder acudir  
nin ne mism'hora que morran;  
sin lle poder dar bocado  
do qu'elas comen sin gusto,  
nin tel'un momento xusto  
con alegri' o seu lado...

¿Non e unha gran desventura  
pol-as portas pan pedir,  
e nestas noites dormir  
nun pallote, sin quentura...?

E a noite de Nadal  
a noite que un Rey naceu;  
a noite qu'apareceu  
remedio a dar fin o mal.



## ¡REBELDE!


---

Melancónicos lamentos;  
queixas grandes e saloucos de doór;  
amargores e tristuras,  
vagullas e sofrimentos...

Marchan os fillos da terra,  
pol-a iniquidá votados do seu lar;  
van loitando pol-o mundo  
contr'a fam'a facer guerra...

Namentras acó esquenidos  
quedan seus pais a chorar por eles;  
pol-a escravitu avafados  
e pol-a fame vencidos...

Esto arripi-ó corazón,  
pro non hay en Galicia espíritos de rebeldía  
qu' en loita fera todos,  
fagan a revolución.....



## NOITE DE MAYO

---

Noite de grandes negruras;  
noite orfa de luar,  
envolta en doce fragancea  
de caraveles y-azhar...

Noite de Mayo frolido  
entre queixumes de follas;  
noite de grandes amores;  
noite de tenras parolas...


Noite de grileiros cantos

e croar de rans na y-auga;  
noite de ala-lás sin xeito  
cantados da xente vaga,..

Noite de fonda quietude  
baix'o fulgor das estrelas,  
mais o rumor do follaxe  
colgado das ramalleiras;  
envolveita entr'os cheirumes  
que van ceibados das frondas,  
buscando mil e unha volta  
entr'o misterio das sombras...

Noite pra soñar poetas  
con voos d'outas quimeras,  
e trovaren con donaire  
xeitosiñas cantinelas.

Noite de gran pracidez,  
de trouladás toleironas,  
nesas ledas foliadas  
das rapazas farfantonas.




## LONGO PENAR

Vicios, alifás;  
penosas ruindades sin termo;  
males que rixan a y-alma  
dando na vid'ó inferno...

Salayos, sofimentos;  
miserias que acorralan

a vida dos humildes  
y-o animo ll'acaban...  
¡malios principados!  
que anoxan e aldraxan,  
que nos tronzan a vida  
y a alma nos esmagan...

Avafos e saloucos  
nos deixan por regalo,  
o noso grand'esforzo:  
o rudo e fer traballo.



## MEU LAR

¿Que e un palacio  
adornado de xoias, se nel hay penas?  
Mais me deslumbran  
as roxiñas moxenas  
que do meu lar s'escapan o espacio...  
Como homilde teño riquezas,  
que son: a paz, o sosego ya quentura  
do meu mórno lar,  
Esta é a máxica ventura  
dun' alma allea de fraqueza...  
Non sinto doóres  
de usuras y-egoismos qu'anoxan;  
topome contento coa miña sorte,  
y-a cara no me somroxan  
mais que has lavaredas  
y-os craros respiradores,  
que dos tizóns s' erguen  
en xeitos' ascensión as tellas...

# CLOTILDE

---


Pra un rapaza de quen estuvren  
namorado xa fay tempo.

¡Ou ti meiguiceira fada;  
negros ollos d'acibeche,  
no meu corazón meteche  
a venenosa chuzada...!

Ti fuchel-o fundamento,  
d'un dor que levo na y-alma,  
que sin el non teño calma,  
alegría, nin contento;  
soilo se te ollo preto  
e fito e fito te miro,  
vaise'm'un longo suspiro,  
e relouco e, estou inqueto.

Foi tan fort'aquel amor  
que porduciches en míñ  
que destonces que te vin  
dou comenz'o meu delor.

Tal meigallo me fixeches  
que me tray atolandrado;  
pois de cote pro teu lado  
meu pensamento tuveches...



## POSTA DE SOL

---

Pra o meu amigo e mestre, o culto e aporveitado Arturo Gallego Cruces, en proba de cariño.


Que mainiño e que pouson;  
que risoño e feiticeiro;  
que contento e qu'algareiro  
vai o sol cando se pon.

¡Canto acó deixa esquencido  
cando se vai alonxando;  
canto tras si vay deixando  
entr'a sombra esmorecido.

¿Pronde vai todol'os días  
tan ansioso e cumpridor;  
onde vay co seu calor  
mor de tantas alegrías?

Que misterio n'adeviño,  
al'onde vay debe haber;  
eu non sey que debe ter  
no termo dese camiño...

El decote vay marchando,  
y-acotio se vai indo;  
el decote vai fuxindo  
y-as escuras nos deixando.



## GUILLERMINA

---

A ti encanto sinxelo, doce e tenra lavereda d'amor.


Frol d'endulzados cheirumes;  
carabel meigo e risoño,  
rosiña verd'e sinxela,  
encanto con quen eu soño.

Anxeliño celestial  
baixo as alas envolveito;  
coiteliño que feriche  
con tol'amor o meu peito.

Neniña que me roubaches  
tantas horas de sosego:  
o sono de tod'a noite  
pois ox'os ollos non pego...

Se queres que calma teña,  
y-acougue soi'un momento,  
deixa que chegue atèa min  
un sopro do teu alento...

Deixa que un maino refrexo  
dos teus ollos a min veña.  
Deix'a tua voz musecal  
qu'un pouquiño m'entreteña...



## SOFRIMENTO

---

A o meu amigo e grande compa-  
ñheiro, Manoel Mesejo, que sabe  
de penas o sofrimentos.

Dorid'ó corazón,  
maguad'a y-alma,  
pol-a tua treición,  
un sofrimento eterno  
de penas e doóres  
me mata pouco e pouco,  
cos duros amargores  
d'unha pena sin termo...

. . . . .

Os sonos feiticeiros  
das horas de lediciás  
recordam'algareíros  
momentos de pracer,  
cando sonab'acongos  
nos teus xeitosos brazos  
que, en alonmiños tenros  
de dociñas caricias,  
me dabán regalias  
d'amor e de querer...

. . . . .

Ox'entre bágoas morro

sin amor, sin cariño,  
 chorando no olvido  
 como chor'on meniño  
 cando lle falt'o colo  
 quentiño de sua nai...

Cando no teu regazo,  
 as miñas mans poñia,  
 rebuldando entr'a sombra  
 do teu exrido peito,  
 non sey cant'l'alegría  
 destonces m'embargaba  
 que, sin dormir soñaba,  
 no ceio por ti feito,  
 cos meigos resprandores  
 dos teus brillantes ollos...

A miña vid'agora,  
 de pesadum'e un val,  
 qu'esvaindo'os empuxes  
 dun forte vendabal.  
 se queda sin os arbres  
 louzanos e brioso,  
 donde crecí'ó froito  
 dun grand'e tol'amor...

Agora xa non vivo  
 y-afogo nos queixumes

do mais ruín penar;  
xa non pudo alentar  
sin cun dolor moy fondo  
n'afogue entre sospiros:  
me mate en esvaídos  
cun fero aprexamento,  
qu'a morte m'a levar...!!!

Xan Xesús González.

*Na campía de Sibil a uns pasiños das milagreiras  
augas de Cuntis e po-lo Agosto do ano XXI fun re-  
matando istos probes AGARIMOS.*



